

# LITERATURA MEDIEVAL

Volume III

ACTAS DO IV CONGRESSO  
DA  
ASSOCIAÇÃO HISPÂNICA DE LITERATURA MEDIEVAL  
(Lisboa, 1-5 Outubro 1991)

Organização de  
AIRES A. NASCIMENTO  
e  
CRISTINA ALMEIDA RIBEIRO

EDIÇÕES COSMOS

---

Lisboa  
1993

© 1993, **EDIÇÕES COSMOS e ASSOCIAÇÃO HISPÂNICA  
DE LITERATURA MEDIEVAL**

Reservados todos os direitos  
de acordo com a legislação em vigor

Capa

Concepção: Henrique Cayatte  
Impressão: Litografia Amorim

Composição e Impressão: EDIÇÕES COSMOS

1ª edição: Maio de 1993  
Depósito Legal: 63840/93  
ISBN: 972-8081-06-5

Difusão

**LIVRARIA ARCO-ÍRIS**

Av. Júlio Dinis, 6-A Lojas 23 e 30 — P 1000 Lisboa  
Telefones: 795 51 40 (6 linhas)  
Fax: 796 97 13 • Telex: 62393 VERSUS-P

Distribuição

**EDIÇÕES COSMOS**

Rua da Emenda, 111-1º — 1200 Lisboa  
Telefones: 342 20 50 • 346 82 01  
Fax: 347 82 55

## Aproximación ós Proemios e Discursos da *Historia Compostellana* en Termos de Retórica Clásica

José Manuel Ares González  
Universidad de Santiago de Compostela

Desde o s. V a.C. en adiante, os herois homéricos foron considerados con frecuencia como os primeiros exemplares de posibilidades retóricas e o propio Homero como o inventor de todas as ponlas e aspectos da arte da retórica. A obra de Homero, que reuniu na súa primeira forma definitiva todos os compoñentes importantes da vida social primitiva grega, incluíndo en especial a súa elocuencia, chegou a ser para as xeneracións gregas posteriores unha guía enciclopédica vencellada con todas as áreas da actividade humana. Así pois, debe ter influído naqueles primeiros retóricos que eran conscientes da súa orixinalidade sistematizadora, tanto como influíu naqueles gregos e romanos que viñeron despois, os cales, sen aceptar a visión histórica, consideraban a Homero, e non ós seus verdadeiros inventores, como o pai da retórica.

Este movemento orixinado na antiga Grecia, que centraba a súa atención en establecer unha preceptiva útil para a comunicación, transmitiuse a Roma. Cicerón, o Pseudo-Cicerón e Quintiliano, a diferenza da corrente retórica aristotélica, de corte lóxico-filosófico, darán á disciplina un «tono pragmático e íntimamente ligado ás leis romanas»<sup>1</sup>. Tras as fases do *litterator*, do *grammaticus* e do *retor*, que poñían en contacto *ars* e *ingenium*, o romano podía chegar a ser *disertus*, *eloquens*, *facundus*, adxetivos estes que expresan o propósito e o obxecto de todo o proceso educativo. As escolas da Europa medieval deberán o seu *curriculum* de estudos seculares (consistente nas sete artes liberais que Boecio dividirá en *trivium* e *quadrivium*) ás escolas imperiais romanas.

A cuestión da persistencia das escolas de retórica enos do maior interese. En Europa no s. VI desaparecerán, a excepción de Italia, onde nunca o fixeron (feito vital para a supervivencia da civilización, a lei e a política europeas). O renacemento carolinxio deu novo pulo ás actividades educacionais, que se convertiran en algo parcial e esporádico. Desde a época de Carlomagno ata aproximadamente o 1170 representaban o máis importante órgano educativo as escolas episcopais, onde eran comúns os temas encol da lexislación. Despois desa data as universidades reemprazáronas como centros nos que se ensinan as artes liberais, aínda que se lle segue concedendo á teoloxía unha maior importancia. Pero probablemente foron, desde o 800 ó 1000, as escolas monásticas as que produciron os mellores eruditos, o que é comprensible tendo en conta que eran monxes que adicaban practicamente toda a súa vida ó estudo. Desde o ano 1000 ata a segunda metade do s. XII, as escolas catedralicias eclipsaron as escolas monásticas mesmo na produción de eruditos; durante este período falar de escolas catedralicias equivalía a dicir os centros internacionais de estudos superiores, de erudición altamente desenvolvida, ademáis de significar escolas de exercitación para a crecencia diocesana.

Escolas monásticas e episcopais témolas en Galicia no s. XI. Nelas aténdese á educación e á formación de xovens<sup>2</sup>. Por estas datas tamén xurden as primeiras escolas catedralicias, indicio das cales nos dá o *Codex Calixtinus*. Con este rexurdimento no plano educativo e, en xeral, no eido cultural, déixanse atrás os séculos nos que o mundo cristiano peninsular estivo aillado do resto de Europa, en particular por dirixir primordialmente o seu punto de mira cara ó inimigo árabe<sup>3</sup>.

O advenemento de Xelmírez prodúcese neste complexo *mare magnum*. Gracias á súa carismática personalidade, a vida compostelana, en todas as súas vertentes, cobra renovadas forzas. Falando en termos de cultura, «o mérito de Xelmírez estivo en robustecer, mellorar, ampliar e ordenar o que xa existía.»<sup>4</sup> Envía mozos ós principais centros educativos europeos do momento co fin de que isto reverta posteriormente ó solio compostelán altura intelectual. Ademais atraeu a ensinantes de certa relevancia, entre eles a Rainerio, oriundo de Toscana e formado nas escolas inglesas de Quintonia, e experto en retórica. Unha retórica fundamentalmente de tipo ciceroniano, unha retórica clásica pasada pola peneira do enfoque cristián en obras de autores como Agustín, Casiodoro, Isidoro, Alcuino...<sup>5</sup>

Cinxámonos agora ó noso obxecto de estudio, a *Historia Compostellana* (HC), obra composta durante a primeira metade do s. XII e considerada por C. Sánchez-Albornoz coma unha xoia da historiografía latina peninsular. Non entraremos na espiñosa cuestión da autoría, aínda que debemos ter en conta que «non deixa de ter interese para comprender os ambientes intelectuais que rodeaban a Xelmírez»<sup>6</sup>. Só ofreceremos un breve apunte sobre o máis que probable autor do material que a continuación trataremos de xeito aproximativo. Referímonos a Xiraldo (ou Xirardo), verosímelmente francés, coengo da igrexa de Santiago, «home de fina sensibilidade artística, de rica imaxinación, de palabra dócil e de afecto vehemente e apaixonado»<sup>7</sup>. Que esta figura tan embebida na cultura clásica, sobre todo no terreo da historiografía, non fose o único escritor da HC, a algún crítico produciulle lástima. Porque, se o fose, a obra «tería unha unidade de pensamento, de método e de estilo da que carece, e sería, dentro da literatura románica do s. XII, o que é o Pórtico da Gloria en arquitectura»<sup>8</sup>.

### Proemios

O prólogo, segundo a concepción oratoria antiga, era o comenzo do discurso. A súa finalidade era gañarse a simpatía do xuíz (ou, en xeral, do público) cara a unha postura determinada. O *audítorem benevolum, docilem, attentum parare* era a consigna<sup>9</sup>. Como veremos, estes obxetivos tamén aparecen nos proemios da HC. Tomemos un deles como base, o prólogo do libro II. Comentémolo ó tempo que o relacionamos co resto das introduccións.

Un rasgo característico dos proemios (e, sobre todo, dos discursos) é a importancia que se lle outorga ás posicións iniciais, sexa de todo o texto, sexa do *periodus*. Neles trátase de poñer certas ideas fundamentais. A miúdo estes conceptos destacados aparecen repetidos na súa expresión (ou con *variatio*) ó longo da composición. Con esta *expolitió* búscase, como dixemos, insistir sobre o pensamento capital exposto. En II, PROLOGUS a noción relevante xurde inmediatamente: *humanas laudes obliuionis nube obtegere opere pretium neutiquam arbitramur*.

A «loubanza» e o «evitar o esquecemento histórico», dúas caras, en certo modo, dunha mesma moeda, artellarán a peza, enmarcando a súa sección central, na que se menciona ó eloxiado, do que o carácter *sanctus e reuerentissimus* se destaca en primeiro termo. Nesta sección, á que chamaremos *apódose* ou *consecuencia*, frente á anterior e máis xeral, a *prótase* ou *premissa*<sup>10</sup>, dase unha verdadeira *narratio* informativa de quen escribe e qué historia se escribe. Nela pódese facer unha división bipartita: (a) *Tue... patefecimus* (16-24): un pasado que chega ata o presente; (b) *Stilo... aggrediemur* (24-28): un presente que mira cara ó futuro.

Un xogo temporal de similares características atopámolo no prólogo interno titulado *Verba auctoris* (I,3,3), que ademais presenta outros rasgos en común con II, PROLOGUS: ensalzamento da importancia terrenal e espiritual do bispo mediante a colocación «privilexiada» nos dous períodos que forman a peza, e a referencia ós seus feitos cun *tricolon* climático; aparición do tópico do «recordo para a posteridade» (*ad posteriorum memoriam*); outros paralelismos nociónais e verbais (*Preceptis domini Didaci...obtemperans*, I,3,3 = *Tue... sanctitatis hortatui obsequentes*, II, PR.; *aggrediar*, I,3,3 = *aggrediemur*, II, PR.; etc.).

Voltando ás dúas partes da *apódose* en II, PR., destaquemos ademais unha marcada expresión por medio de elementos interrogativos: *quid... qualiter... quomodo... qualiter...*



*qualiter*. Con esta insistente formulación elocutiva (cf. o Prefacio conminativo: *quantos... quantas... quantas*, 7-9) desexa o compositor dar relevo á súa laboura como historiador e á materia sobre a que traballa. E iso en contraste co plural de modestia que domina esta sección (frente á anterior, onde achamos *refugio, nolo*).

O texto péchase cunhas liñas nas que se recolle os elementos fundamentais espallados pola peza. Poñámoslos en contraposición ó período inicial para observar e concluir unha disposición anular (*ring-composition*) por contraste: *Humanas laudes obliuionis nube obtegere...neutiquam arbitramur / michi... de uobis laudem scribere omnium bonorum tributor tribuat*.

— *Humanas vs. omnium bonorum tributor*: elemento humano, mortal, perecedeiro, e elemento divino, inmortal, eterno (cf. Prefacio: *Didacus Dei... in saecula saeculorum*, onde este derradeiro inciso pecha período, cando ata o momento o facía indefectiblemente o verbo).

— *laudes/ laudem*: concepto, nalgunha medida, intermedio entre os elementos anteriores e tema central da composición.

— *obliuionis nube obtegere vs. scribere*: claros puntos antitéticos. O escritor non desexa quedarse fóra da historia, dunha historia rexida por Deus. Observemos cómo aquel aparece destacado na expresión: *Vobis... michi... omnium bonorum tributor*.

Ambas personaxes humanas inician respectivos *cola*, mentras que a perífrase que fai referencia a Deus (realzada coa figura etimolóxica *tributor tribuat*) se sitúa ó final do período<sup>11</sup>.

Ademáis destes factores estruturais, debemos ter en conta os elementos figurativos: prosopopeia (e.g. II, PR., 10-11: *cum posterior dies discipulus sit prioris...*), quiasmo (II, PR., 14-15: *...elucidare non refugio. Nolo... inglorium fieri*; cf. quiasmo estrutural en III, PR.: *Quoniam... defendentur... iussit... Diuisit... enim... descripta sunt*), anáfora (II, PR., 24 e 26: *qualiter... qualiter*), antítese (II, PR., 12-13: *obtrectorum... bonorum*; I, PR., 10-11: *obliuioni... memorie*), gradación (I, PR., 41: *utilitate et honore et exaltatione*), símil (II, PR., 22: *ut puta bonus agricola in uinea*; I, PR., 34-38: *sicut..., ita...*), etc.

## Discursos

Moitos folios e moita tinta se poderían empregar na descripción e valoración dos discursos incardinados na HC. Nós analizamos oito pezas que se poden dividir en dous grupos en virtude daquel de quen emana o discurso: (1) Discursos de Xelmírez: I, 55 (as verbas dirixidas a Arias Pérez); I, 86 (*Sermo episcopi de statu regni Hispanie*); II, 68 (discurso diante da crecía e o povo); III, 1 (discurso ós coengos). (2) Discursos doutras personaxes: I, 56 (*Responsio Arie ad uerba Pontificis*); I, 64 (*Verba Regine ad comitem F. de filio suo in Regem sublimaturo*); I, 107, 3 (palabras da raíña a Xelmírez); I, 108, 2 (verbas do rei ó bispo).

Dado o carácter aproximativo deste estudo, deterémonos únicamente en dous discursos, un de cada grupo. Do primeiro destacaremos especialmente o discurso I, 86. A súa estrutura responde ós canóns clásicos:

(I) EXORDIUM (14): *Fratres karissimi*. Con esta *aduocatio* conquírese que o *auditor* amose unha actitude atenta, tranquila e benevolente.

(II) NARRATIO (14-32). Aparece encadrada por dous períodos postos de relevo mediante unhas determinadas figuras estilísticas: (1) 14-16: a) figura etimolóxica: *regnum rexit*; b) aliteración: *feliciter floruit*; c) anáfora: *quam... quamdiu*. (2) 29-32: a) anáfora: *quamquam... quamquam*; b) antítese: *qui prius triumphatores fueramus, modo paucis quamplures superamus...*

Na *narratio* propiamente dita pódense observar dúas partes moi claramente delimitadas e cunha transición central (20-23):

a) a época marabillosa de Alfonso VI (15-20);

b) os tempos posteriores, tempos de *discordia* (23-29).

Por outra banda, os conceptos que dominan esta sección (e son recurrentes noutros discursos) son os de *iustitia, regnum e uirtus*. Os seus semas repítense frecuentemente.

(III) ARGUMENTATIO (32-96). De novo aparece un dobre artellamento. É o que segue: (1) cuestión (32-34); (2) resposta (34-96): á súa vez, esta parte pódese dividir en:

2.1. Resposta «directa» (34-39), onde se fai unha nova chamada de atención (*Jam iam, fratres karissimi*) e onde a noción central é a impotencia que se sente ante o enorme despliegue de maldade que existe na época (*uirtus... non ualet. Nos... non ualemus*).

2.2. Transición ó *exemplum* (39-40): *Quod ut melius perpendatis quid in ueteri lege acciderit audite*.

2.3. Resposta «indirecta» mediante un *exemplum*. O *exemplum* foi definido na Antigüedad Clásica como *rei gestae aut ut gestae utilis ad persuadendum id quod intenderis commemoratio*<sup>12</sup>, contando, pois, cunha fonte material, unha función de *utilitas* e unha forma literaria<sup>13</sup>. O *exemplum* supoñía unha *probatio* extrínseca e podía aparecer en forma de *narratio* longa ou de breve alusión. Segundo o contido, había tres clases de *exempla*: histórico, poético e o *exemplum uerisimile*. Nesta derradeira categoría insértanse as *parabolai* bíblicas<sup>14</sup>.

Pola súa forma e contido, o *exemplum* de I, 86 é unha *narratio uerisimile*, pois se refire por extenso unha parábola das Sagradas Escrituras. Por outra banda, esta *digressio* argumentativa presenta paralelismos coa parte da «resposta directa» (e.g. entre 29-32 e 75-78) producíndose unha correlación entre o mundo real de Xelmírez e o lexendario da Biblia.

(IV) CONCLUSIO ou PERORATIO (96-102). Por *peroratio* entendíase, na retórica clásica, o apartado final do discurso, no cal se buscaba «refrescar a memoria e influir nos afectos»<sup>15</sup> entrando así en estreita relación co exordio. Aquí, en I, 86, preténdese sobre todo estimular ó auditorio cara a unha determinada dirección vital, creando unha situación de elevado *pathos* coa acumulación de imperativos, a referencia directa e destacada ó público (*Vos quoque, fratres*), recollendo en forma de metáfora e en disposición quiasmática nocións centrais do discurso (*uirtutis clipeum...loricam iustitiae*), e, en fin, aludindo ó Omnipotente Deus.

O discurso I, 64 segue tamén *grosso modo* a preceptiva clásica na súa construción. Estas son as *partes orationis*:

(I) EXORDIUM (3-8). De modo inmediato aparece unha diáfana *captatio beneuolentiae*, cunha formulación verbal plasmada en *uariatio* (uso de adxectivos e cláusulas de relativo). A continuación expónse o obxecto do discurso: *deposco consilium*.

(II) NARRATIO-ARGUMENTATIO (8-90). Todo o que ven despois é unha descripción parcial dos feitos, á vez que as probas necesarias que tentan persuadir ó interlocutor. Dúas partes pódense distinguir nesta sección:

(1) *Tibi...notum est (...)* *nefando et execrabili matrimonio* (8-26): relátanse os acontecementos previos ó matrimonio de Alfonso o Batallador e Urraca. Os termos que se usan teñen, en xeral, carácter positivo e o eixe central radica no concepto *regnum*.

(2) *...tua prudentia nouit (...)* *qui tantus furoris strepitu uel perturbatione non moueatur* (28-90): este apartado pivota sobre a visión do *ethos* alfonsino, nas súas dúas vertentes, interna (29-38) e externa (39-90).

(III) CONCLUSIO ou PERORATIO (90-93). Nesta breve conclusión recóllese mediante dous *cola* (*enodatis rationibus uniuersis meisque interioribus patefactis*) toda a sección anterior e téntase incitar (*mouere*) ó *auditor* cun vocativo en grao superlativo, unha contraposición de personalidades (*tuam... nobilitatem meo dubitanti animo*) e unha colocación estratéxicamente relevante de palabras que encerran o propósito do discurso (*Nunc... quod melius tibi uideatur, adhibere consilium*).

Modestia eran as verbas coas que Xiraldo afirmaba que a obra carecía de elegancia e colorido (I, PR.: *Quisquis autem animum suum ad legendum hunc librum nullo fere urbanitatis colore coloratum applicuerit...*). Nada máis lonxe da verdade. Un clasicismo retórico impregna, alomenos, os proemios e os discursos da HC. Queda por preguntarse en qué grao se estende por toda a composición.

Un importante número de aspectos retóricos permanece no tinteiro, como, por exemplo, a funcionalidade do xogo pronominal nos discursos e un estudio das cláusulas rítmicas. Con

todo, en virtude dos datos históricos que posuimos e da análise que levamos a cabo nun determinado segmento da HC, podemos colexir que o legado educativo de Roma está latente nun mundo, o hispánico, que tenta reencontrarse coas súas señas de identidade, sempre baixo a *lucerna* do Cristianismo.

## Notas

<sup>1</sup> MURPHY, J.J.: *Rhetoric in the Middle Ages*, Berkeley, 1974, trad. esp. por G. Hirata, FCE, México, 1986, p. 54.

<sup>2</sup> FERNÁNDEZ ALMUZARA, E.: «En tomo a la *Crónica Compostelana*», ESCORIAL VI, p. 366.

<sup>3</sup> Vid. ALTAMIRA, R.: «Spain, 1031-1248», en *The Cambridge Medieval History*, VI, Gwatking & Whitney (ed.), Cambridge, 1924, pp. 193-421.

<sup>4</sup> FERNÁNDEZ ALMUZARA, art. cit., p. 370.

<sup>5</sup> MURPHY, *op. cit.*, trad. esp., pp. 56-100.

<sup>6</sup> DÍAZ Y DÍAZ, M.C.: «Historia Compostelana», en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago-Gijón, 1974, p. 129.

<sup>7</sup> FERNÁNDEZ ALMUZARA, art. cit., p. 349.

<sup>8</sup> FERNÁNDEZ ALMUZARA, *id.*, p. 350.

<sup>9</sup> LAUSBERG, H.: *Handbuch der literarischen Rethorik*, München, 1960, trad. esp. por J. Pérez Riesco, pp. 240-260.

<sup>10</sup> Cf. HERMÓXENES, Περὶ Ἐῤρεσέων, 1, 5, 80.

<sup>11</sup> Para unha disposición estrutural de toda a peza en *prótase* e *apódose*, cf. I, PROLOGUS e III, PROLOGUS (éste con coda).

<sup>12</sup> QUINTILIANO, *Institutio oratoria*, 5, 11, 6.

<sup>13</sup> LAUSBERG, H., *op. cit.*, I, p. 349.

<sup>14</sup> LAUSBERG, H., *id.*, pp. 350-351.

<sup>15</sup> LAUSBERG, H., *id.*, pp. 361-362.